



Nota de prensa

A cooperativa e WWF colaboran desde o 2004

EROSKI SÚMASE UN ANO MÁIS Á CAMPAÑA “A HORA DO PLANETA” PROMOVIDA POR WWF

- O vindeiro sábado EROSKI sumarase ao apagamento simbólico da maior iniciativa global en defensa do medio ambiente, que este ano ten por lema “Apaga pola natureza”
- EROSKI e WWF desenvolven un convenio de colaboración para promover políticas ambientais relacionadas coa sustentabilidade dos caladoiros de pesca, coa mellora da eficiencia enerxética e mais coa promoción dun consumo máis responsable

Elorrio, 27 de marzo do 2019.- [EROSKI](#) súmase por noveno ano consecutivo á campaña “A Hora do Planeta” promovida por [WWF](#) co respaldo das Nacións Unidas, realizando un apagamento simbólico na súa sede social de Elorrio e na súa páxina web www.consumer.es, que seguirá activa cunha luz atenuada de menor intensidade, e mais coa difusión da iniciativa que realizará na súa páxina web e redes sociais. Millóns de persoas de todo o mundo apagarán a luz durante unha hora (entre as 20:30 e as 21:30 hora local) o vindeiro sábado, 30 de marzo, para concienciar o mundo sobre a importancia do medio natural e da loita contra o cambio climático. Este ano o lema da campaña é “Apaga pola natureza”.

“Un ano máis desde EROSKI queremoslle dar o noso apoio a esta iniciativa de WWF, que se converteu na maior iniciativa global en defensa do medio natural coñecida ata o momento. Os consumidores son cada vez máis esixentes cos criterios de sustentabilidade e desde EROSKI traballamos para lles dar resposta a esas demandas a prol dun consumo máis responsable.”, sinalou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

Caprabo tamén se unirá a esta iniciativa cun apagamento simbólico, reducindo a metade das luces na súa sede, plataformas e en todas as tendas da súa rede e franquías de Cataluña, Navarra, Huesca e Andorra. Pola súa banda, Vegalsa tamén apagará os rótulos dos seus establecementos en Galicia, Asturias e Castela León.

A redución dos consumos enerxéticos e a utilización de enerxías renovables, a reciclaxe, a diminución de emisións, a optimización dos envases a través do ecodeseño e a maior sustentabilidade ambiental das tendas EROSKI adaptadas ao modelo comercial “contigo” son algunhas das liñas de actuación máis salientables que a cooperativa recolle no seu Plan de Medio Ambiente. EROSKI tamén incorpora

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



en todos os seus centros garantías ambientais na súa oferta, como no caso dos produtos elaborados a partir de madeira procedente de bosques sustentables co selo FSC ou do peixe procedente de caladoiros sustentables co selo MSC. EROSKI é ademais o único distribuidor polo miúdo en certificar a súa cadea de custodia para a comercialización de peixe fresco procedente das pesqueiras máis respectuosos co ecosistema mariño.

Redución de emisións de CO²

A importante mellora na eficiencia enerxética da rede de tendas de EROSKI de nova xeración foi posible grazas a un deseño climático das instalacións de frío de última xeración e mais a un sistema de iluminación LED con control centralizado.

O actual modelo de transporte supuxo cambios na planificación de todas as rutas, desde os provedores ata as plataformas, e mais a súa distribución capilar desde estas deica as tendas. Este sistema de xestión (TMS) optimiza a planificación e a motorización de rutas, mellorando o enchido de mercadoría, aforrando traxectos, tempos de condución, quilómetros percorridos e combustible. No últimos catro anos deu reducido un 14% as emisións por transporte, o que supón evitar máis de 11.000 toneladas de emisións equivalentes de CO².

EROSKI e WWF, que colaboran en distintas iniciativas desde hai 15 anos, manteñen desde o 2014 un convenio para o desenvolvemento de distintas políticas ambientais relacionadas coa explotación sustentable de caladoiros, a mellora na eficiencia enerxética, a promoción dun consumo máis responsable, a promoción dunha pesca sostible ou o lanzamento de produtos de marca propia EROSKI con boas prácticas sustentables. Ademais, WWF colaborará desde este ano coa revista www.consumer.es publicando contidos na súa canle de medio natural e avala o programa da cooperativa sobre alimentación saudable [Ekilibria](#).

Doutra banda, WWF segue a desenvolver contidos pedagóxicos para un módulo específico sobre sustentabilidade dentro do Programa Educativo sobre Alimentación e Hábitos Saudables que desenvolve a [Escola de Alimentación EROSKI](#) en colaboración con centros escolares de toda España. Durante este curso escolar 2018-2019 estase a levar a cabo a VII edición do programa, que ten como obxectivo sensibilizar os estudantes sobre a importancia de teren unha alimentación equilibrada e de seguiren un estilo de vida saudable. Os alumnos aprenden a realizar unha compra saudable nunha tenda EROSKI e teñen a oportunidade de visitar as instalacións dun produtor agroalimentario local, para coñecer de primeira man a orixe dos alimentos.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e operador de referencia nas rexións de Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares. Conta cunha rede comercial que ascende a 1.652 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash&carry, e mais con gasolineras, ópticas, oficinas de viaxes e tendas de equipamento deportivo. Desde os seus inicios, EROSKI leva a cabo múltiples iniciativas de acción social, principalmente dirixidas á promoción dos hábitos de vida saudables, a formación ao consumidor, a defensa do medio natural e a solidariedade.

WWF

WWF é unha das maiores e máis eficaces organizacións mundiais independentes dedicadas á conservación da natureza. A súa misión é deter a degradación do medio natural no planeta e construír un futuro no cal os seres humanos vivamos en harmonía coa natureza, conservando a diversidade biolóxica, asegurando o uso sustentable dos recursos naturais renovables e promovendo a redución da contaminación e o consumo desmedido.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)